

## ANUNCIO DE CORRECCIÓN DE ERROS

Visto o anuncio publicado con data 11/06/2020 con rexistro de saída nº 735 polo que se advirte de erro por omisión do pé de recurso no anuncio publicado no taboleiro de anuncios o día 10/06/2020 con nº de rexistro de saída 718 de asunto: LISTAXE PROVISIONAL E DEFINITIVA PARA A SELECCIÓN E CREACIÓN DE BOLSA OU LISTAXE POR CONCURSO OPOSICIÓN DUNHA PRAZA DE TRABALLADORA SOCIAL, no seu pé de recurso **onde di**: "(...) Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, o interesado poderá formalizar a demanda, no prazo de dous meses, ante o Xulgado do Social de A Coruña ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, á que acompañará copia da resolución denegatoria ou documento acreditativo da interposición ou resolución do recurso administrativo, segundo proceda, unindo copia de todo iso para a entidade demandada, en virtude do disposto no artigo 69.2 da Lei 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdición social. Sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente (...)".

**Debe dicir**: "(...) Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer potestativamente e perante o mesmo órgano que o ditou, de conformidade co preceptuado no artigo 123 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, recurso de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación. O recurso potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 124.2 e 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro). Contra a resolución expresa do recurso de reposición ou ben directamente contra o presente acordo pode interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución ou ó da notificación do presente acordo. Se a resolución non fose expresa, o prazo de interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses e contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición ou a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos. A interposición do recurso non paraliza a executividade da presente resolución (...)".

Melide, venres 12 de xuño de 2020. Asdo: A secretaria xeral / María Cruz Andrade García.

